

PROTOCOLO FACULTATIVO À CONVENCIÓN CONTRA A TORTURA E OUTROS TRATAMENTOS OU PENAS CRUÉIS, DESUMANOS OU DEGRADANTES

PREÁMBULO

Os Estados Partes do presente Protocolo

Reafirmando que a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes son prohibidos e constituen grave violación dos dereitos humanos,

Convencidos de que son necesarias medidas adicionais para atinxir os obxectivos da *Convención contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes* (doravante denominada a Convención) e para reforzar a protección de persoas privadas de liberdade contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes,

Recordando que os Artigos 2 e 16 da Convención obrigan cada Estado Parte a tomar medidas efectivas para prevenir actos de tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes en calquer territorio sob a súa xurisdición,

Recoñecendo que os Estados son os responsáveis primeiros da execución deses Artigos que reforzan a protección das persoas privadas de liberdade, que o respecto completo dos seus dereitos é responsabilidade comun compartillada entre todos e que órganos de execución internacional complementan e reforzan as medidas nacionais,

Recordando que a efectiva prevención da tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes requeren educación e unha combinación de medidas legislativas, administrativas, xudiciais e outras,

Recordando tamén que a *Conferencia Mundial de Dereitos Humanos* declarou firmemente que os esforzos para erradicar a tortura deberían primeira e principalmente concentrar-se na prevención e convocou a adopción de un protocolo opcional à Convención, designado para establecer un sistema preventivo de visitas regulares a centros de detención,

Convencidos de que a protección das persoas privadas de liberdade contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes pode ser reforzada por medios non xudiciais de natureza preventiva, baseados en visitas regulares a centros de detención,

Acordaran o seguinte

PARTE I

Principios Xerais

Artigo 1

O obxectivo do presente Protocolo é establecer un sistema de visitas regulares efectuadas por órganos nacionais e internacionais independentes a lugares onde haxa persoas privadas de liberdade, con a intención de prevenir a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes.

Artigo 2

1. Deverá ser establecido un Subcomité de Prevención da Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes do Comité contra a Tortura (doravante denominado Subcomité de Prevención) que desempeñe as funcións definidas no presente Protocolo.
2. O Subcomité de Prevención debe desempeñar as súas funcións no marco da *Carta das Nacións Unidas* e debe ser guiado polos seus principios e propósitos, ben como polas normas das Nacións Unidas relativas ao tratamento das persoas privadas de liberdade.
3. Igualmente, o Subcomité de Prevención debe ser guiado polos principios de confidencialidade, imparcialidade, non-selectividade, universalidade e obxectividade.
4. O Subcomité de Prevención e os Estados Partes deben cooperar na execución do presente Protocolo.

Artigo 3

Cada Estado Parte deberá designar ou manter no ámbito doméstico un ou mais órganos de visita encargados da prevención da tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes (doravante denominados Mecanismos Preventivos Nacionais).

Artigo 4

1. Cada Estado parte deberá permitir visitas, de acordo con o presente Protocolo, dos mecanismos referidos nos Artigos 2 e 3 a calquer lugar sob a súa xurisdición e control onde hai ou pode haber persoas privadas de liberdade, quer por forza de orde dada por autoridade pública, quer sob o seu incitamento ou con a súa autorización ou concordancia (doravante denominados Centros de Detención). Esas visitas deben ser emprendidas con vistas ao fortalecemento, se necesario, da protección desas persoas contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes.
2. Para os fins do presente Protocolo, privación da liberdade significa calquer forma de detención ou aprisionamento ou colocación de unha persoa en establecemento público ou privado de vixilancia, de onde, por forza de orde

xudicial, administrativa ou de outra autoridade, ela non ten autorización para ausentar-se pola súa propia vontade.

PARTE II

Artigo 6

1. Cada Estado Parte poderá indicar, de acordo con o parágrafo 2 do presente Artigo, até dous candidatos que posúan as cualificacións e cumpran os requisitos citados no Artigo 5, devendo fornecer informacións detalladas sobre as cualificacións dos nomeados.
2.
 - a) Os indicados deberán ter a nacionalidade de un dos Estados Partes do presente Protocolo;
 - b) Polo menos un dos dous candidatos debe ter a nacionalidade do Estado Parte que o propuxer;
 - c) Non poderán ser propostos mais de dous nacionais de un Estado Parte;
 - d) Antes de un Estado Parte propor un nacional de outro Estado Parte, deberá procurar e obter o consentimento dese Estado Parte;
3. Polo menos cinco meses antes da data da reunión dos Estados Parte en que serán realizadas as eleccións, o Secretario-Xeral das Nacións Unidas deberá enviar unha carta aos Estados Partes convidando-os a apresentar as súas propostas en tres meses. O Secretario-Xeral deberá presentar unha lista, en orde alfabética, de todas as persoas propostas, informando os Estados Partes que as propuxeran.

Artigo 7

1. Os membros do Subcomité de Prevención deberán ser eleitos da seguinte forma:
 - a) Deverá dar-se consideración prioritaria ao cumprimento dos requisitos e criterios do Artigo 5 do presente Protocolo;
 - b) As eleccións iniciais deberán ser realizadas non alén de seis meses despois da entrada en vigor do presente Protocolo.
 - c) Os Estados Partes deberán eleger os membros do Subcomité de Prevención por voto secreto;
 - d) As eleccións dos membros do Subcomité de Prevención deberán ser realizadas nunha reunión bienal dos Estados Partes convocada polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas. Nesas reunións, cuxo *quorum* é constituído por dous terzos dos Estados Partes, serán eleitos para o Subcomité de Prevención aqueles que obteñan o maior número de votos e unha maioría absoluta de votos dos representantes dos Estados Parte presentes e votantes.

2. Se, durante o proceso electoral, dous nacionais de un Estado Parte foren elixíveis para serviren como membro do Subcomité de Prevención, o candidato que receber o maior número de votos será eleito como membro do Subcomité de Prevención. Cando os nacionais recibiren o mesmo número de votos, serán aplicados os seguintes procedimentos:
 - a) Cando somente un for proposto polo Estado Parte de que é nacional, este nacional será eleito como membro do Subcomité de Prevención,
 - b) Cando os dous candidatos foren propostos polo Estado Parte de que son nacionais, deberá ser realizada votación separada e secreta para determinar cal nacional deberá tornar-se membro;
 - c) Cando nengun dos candidatos teña sido nomeado polo Estado Parte de que son nacionais, deberá ser realizada votación separada e secreta para determinar cal candidato deberá tornar-se membro.

Artigo 8

Se un membro do Subcomité de Prevención morrer ou se exonerar, ou calquer outro motivo o impedir de continuar o seu traballo, o Estado Parte que propuxo esa persoa deberá propor outra elixíbel que posúa as cualificacións e cumpra os requisitos dispostos no Artigo 5, levando en conta a necesidade de equilibrio adecuado entre os varios campos de competencia, para servir até a próxima reunión dos Estados Partes, suxeita à aprobación da maioría dos Estados Partes. A aprobación deberá ser considerada dada, a menos que a metade ou mais Estados Partes se manifesten desfavoravelmente dentro de seis semanas após seren informados polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas da persoa proposta.

Artigo 9

Os membros do Subcomité de Prevención serán eleitos para mandato de catro anos. Poderán ser reeleitos unha vez, caso as súas candidaturas sexan novamente apresentadas. O mandato da metade dos membros eleitos na primeira elección expira ao fin de dous anos; inmediatamente despois da primeira elección, os nomes deses membros serán sorteados polo presidente da reunión prevista no Artigo 7, parágrafo 1, alínea d).

Artigo 10

1. O Subcomité de Prevención deberá eleger a súa mesa por un período de dous anos. Os membros da mesa poderán ser reeleitos.
2. O Subcomité de Prevención deberá establecer o seu propio regulamento. Este regulamento deberá determinar que, inter alia:
 - a) O quorum será a metade dos membros mais un,
 - b) As decisións do Subcomité de Prevención serán tomadas por maioría de votos dos membros presentes;
 - c) O Subcomité de Prevención deberá reunir-se a portas fechadas.

3. O Secretario-Xeral das Nacións Unidas deberá convocar a reunión inicial do Subcomité de Prevención. Despois desta reunión inicial, o Subcomité de Prevención deberá reunir-se nas ocasións previstas polo seu regulamento. O Subcomité de Prevención e o Comité contra a Tortura deberán convocar as súas sesións simultaneamente polo menos unha vez por ano.

PARTE III

Mandado do Subcomité de Prevención

Artigo 11

O Subcomité de Prevención deberá:

- a) Visitar os lugares referidos no Artigo 4 e facer recomendacións para os Estados Partes a respecto da protección de persoas privadas de liberdade contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes.
- b) No que concerne aos mecanismos preventivos nacionais:
 - I. Aconsellar e asistir os Estados Partes, cando for necesario, no establecemento deses mecanismos;
 - II. Manter directamente, e se necesario de forma confidencial, contactos con os mecanismos preventivos nacionais e ofrecer treinamento e asistencia técnica con vistas a fortalecer a súa capacidade;
 - III. Aconsellar e asistirlos na avaliación das súas necesidades e no que for preciso para fortalecer a protección das persoas privadas de liberdade contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes;
 - IV. Facer recomendacións e observacións aos Estados Partes con vistas a fortalecer a capacidade e o mandato dos mecanismos preventivos nacionais para a prevención da tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes;
- c) Cooperar para a prevención da tortura en xeral con os órganos e mecanismos relevantes das Nacións Unidas, ben como con organizacións ou organismos internacionais, rexionais ou nacionais que traballen para fortalecer a protección de todas as persoas contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes.

Artigo 12

A fin de que o Subcomité de Prevención poda cumprir o seu mandato nos termos descritos no Artigo 11, os Estados Partes deberán:

- a) Receber o Subcomité de Prevención no seu territorio e franquear-lle o acceso aos centros de detención, conforme definidos no Artigo 4 do presente Protocolo;
- b) Fornecer todas as informacións relevantes que o Subcomité de Prevención solicitar para avaliar as necesidades e medidas que deberán ser adoptadas para fortalecer a protección das persoas privadas de liberdade contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes;
- c) Encoraxar e facilitar os contactos entre o Subcomité de Prevención e os mecanismos preventivos nacionais;
- d) Examinar as recomendacións do Subcomité de Prevención e comprometer-se a dialogar con el sobre a adopción de posibles medidas.

Artigo 13

1. O Subcomité de Prevención deberá establecer, inicialmente por sorteo, un programa de visitas regulares aos Estados Partes con a finalidade de pór en práctica o seu mandato nos termos establecidos no Artigo 11.
2. Despois de proceder a consultas, o Subcomité de Prevención deberá notificar os Estados Partes do seu programa para que estes podan, sen demora, facer os arranxos prácticos necesarios para que as visitas sexan realizadas.
3. As visitas deberán ser realizadas por polo menos dous membros do Subcomité de Prevención. Eses membros deberán ser acompañados, se necesario, por peritos que demonstren experiencia profesional e coñecemento no campo abrangido polo presente Protocolo, que deberán ser seleccionados de una lista de peritos preparada con base nas propostas feitas polos Estados Parte, polo Escritorio do Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos e polo Centro das Nacións Unidas para a Prevención Internacional de Crimes. Para elaborar a lista de peritos, os Estados Parts interesados deberán propor non mais que cinco peritos nacionais. O Estado Parte interesado pode se opor à inclusión de algun perito específico na visita; neste caso o Subcomité de Prevención deberá indicar outro perito.
4. O Subcomité de Prevención poderá propor, se considerar apropiado, outra visita de seguimento de visita regular anterior.

Artigo 14

1. A fin de habilitar o Subcomité de prevención a cumprir o seu mandato, os Estados Partes do presente Protocolo comprometen-se a lle conceder:
 - a) Acceso irrestrito a todas as informacións relativas ao número de persoas privadas de liberdade en centros de detención conforme definidos no Artigo 4, ben como ao número de centros e a súa localización;
 - b) Acceso irrestrito a todas as informacións relativas ao tratamento daquelas persoas, ben como as condicións da súa detención;

- c) Sucesso ao parágrafo 2, a seguir, acceso irrestrito a todos os centros de detención, as súas instalacións e equipamentos;
 - d) Oportunidade de entrevistar-se privadamente con persoas privadas de liberdade, sen testemuñas, quer persoalmente, quer con intérprete, se considerado necesario, ben como con calquer outra persoa que o Subcomité de Prevención acredite poder fornecer información relevante;
 - e) Liberdade de escoller os lugares que pretende visitar e as persoas que quer entrevistar.
2. Só poderán ser feitas obxeccións a visitas a algun lugar de detención en particular con fundamentos urxentes e imperiosos ligados à defensa nacional, à seguraza pública, ou a algun desastre natural ou séria desorde no lugar a ser visitado que temporariamente impidan a realización desa visita. A existencia de una declaración de estado de emerxencia non deberá ser invocada por un Estado Parte como razón para obxectar unha visita.

Artigo 15

Nengunha autoridade ou funcionario público deberá ordenar, aplicar, permitir ou tolerar nengun tipo de sanción contra calquer persoa ou organización por ter comunicado ao Subcomité de Prevención ou aos seus membros calquer información, verdadeira ou falsa, e nengunha desas persoas ou organizacións deberá ser prexudicada de modo algun.

Artigo 16

1. O Subcomité de Prevención deberá comunicar as súas recomendacións e observacións confidencialmente ao Estado parte e, se for o caso, ao mecanismo de prevención nacional.
2. O Subcomité de Prevención deberá publicar os seus relatórios, en conxunto con calquer comentáριο do estado Parte interesado, cando así o solicite o Estado Parte. Se o Estado Parte fixer parte do relatóριο público, o Subcomité de Prevención poderá publicar o relatóριο total ou parcialmente. Entretando, nengun dado persoal deberá ser publicado sen o expreso consentimento da persoa interesada.
3. O Subcomité de Prevención deberá presentar un relatóριο público anual sobre as súas actividades ao Comité contra a Tortura.
4. Caso o Estado Parte se recuse a cooperar con o Subcomité de Prevención nos termos dos Artigos 12 e 14, ou a tomar as medidas para mellorar a situación à luz das recomendacións do Subcomité de Prevención, e despois que o Estado Parte teña a oportunidade de facer as súas obseccións, decidir, pola maioría de votos dos membros, facer declaración sobre o problema ou publicar o relatóριο do Subcomité de Prevención.

PARTE IV

Mecanismos preventivos nacionais

Artigo 17

Cada Estado Parte deberá manter, designar ou establecer, dentro de un ano da entrada en vigor do presente Protocolo ou da súa ratificación ou adhesión, un ou mais mecanismos preventivos nacionais independentes para a prevención da tortura no ámbito doméstico. Poderán ser designados mecanismos establecidos através de unidades descentralizadas como mecanismos preventivos nacionais para os fins do presente Protocolo se estiveren en conformidade con as súas disposicións.

Artigo 18

1. Os Estados Partes deberán garantir a independencia funcional dos mecanismos preventivos nacionais, ben como a independencia do seu persoal.
2. Os Estados Partes deberán tomar as medidas necesarias para asegurar que os peritos dos mecanismos preventivos nacionais teñan as habilidades e o coñecemento profesional necesarios. Deberán buscar equilibrio de xénero e representación adecuada dos grupos étnicos e minorías do país.
3. Os Estados Partes comprometen-se a tornar dispoñíbeis todos os recursos necesarios para o funcionamento dos mecanismos preventivos nacionais.
4. Ao establecer os mecanismos preventivos nacionais, os Estados Partes deberán ter en devida conta os Principios relativos ao *status* de institucións nacionais de promoción e protección de dereitos humanos.

Artigo 19

Os mecanismos preventivos nacionais deberán ser revestidos no mínimo de competencias para:

- a) Examinar regularmente o tratamento de persoas privadas de liberdade, en centro de detención conforme a definición do Artigo 4, con vistas a fortalecer, se necesario, a súa protección contra a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos ou degradantes;
- b) Facer recomendacións às autoridades relevantes con o obxectivo de mellorar o tratamento e as condicións das persoas privadas de liberdade e o de prevenir a tortura e outros tratamentos ou penas cruéis, desumanos

ou degradantes, levando-se en consideración as normas relevantes das Nacións Unidas;

- c) Submeter propostas e observacións a respeito da lexislación existente ou en proxecto.

Artigo 20

A fin de habilitar os mecanismos preventivos nacionais a cumpriren o seu mandato, os Estados Partes do presente Protocolo comprometen-se a lles conceder:

- a) Acceso a todas as informacións relativas ao número de persoas privadas de liberdade en centros de detención conforme definidos no Artigo 4, ben como ao número de centros e a súa localización;
- b) Acceso a todas as informacións relativas ao tratamento daquelas persoas, ben como às condicións da súa detención;
- c) Acceso a todos os centros de detención, as súas instalacións e equipamentos;
- d) Oportunidade de entrevistar-se privadamente con persoas privadas de liberdade, sen testemuñas, quer persoalmente, quer con intérprete, se considerado necesario, ben como con calquer outra persoa que os mecanismos preventivos nacionais acrediten poder fornecer información relevante;
- e) Liberdade de escoller os lugares que pretenden visitar e as persoas que queren entrevistar;
- f) Dereito de manter contacto con o Subcomité de Prevención, enviar-lle informacións e reunir-se con el.

Artigo 21

1. Nengunha autoridade ou funcionario público deberá ordenar, aplicar, permitir ou tolerar nengun tipo de sanción contra calquer persoa ou organización por ter comunicado ao mecanismo preventivo nacional calquer información, verdadeira ou falsa, e nenguna desas persoas ou organizacións deberá ser de prexudicada de modo algun.
2. Informacións confidenciais obtidas polos mecanismos preventivos nacionais deberán ser privilexiadas. Nengun dado persoal deberá ser publicado sen o consentimento expreso da persoa en cuestión.

Artigo 22

As autoridades competentes do Estado Parte interesado deberán examinar as recomendacións do mecanismo preventivo nacional e comprometer-se con el a dialogar sobre a adopción de posíveis medidas para as pór en práctica.

Artigo 23

Os Estados Partes do presente Protocolo comprometen-se a publicar e difundir os relatórios anuais dos mecanismos preventivos nacionais.

PARTE V

Declaración

Artigo 24

1. Con ocasión da ratificación, os Estados Partes poderán facer unha declaración que adie a execución das súas obrigacións relativas à Parte III ou à Parte IV do presente Protocolo.
2. Ese adiamento será válido polo máximo de tres anos. Após representacións devidamente formuladas polo Estado Parte e após consultas ao Subcomité de Prevención, o Comité contra a Tortura poderá estender ese período por mais dous anos.

PARTE VI

Disposicións financeiras

Artigo 25

1. As despesas realizadas polo Subcomité de Prevención na execución do presente Protocolo deberán ser custeadas polas Nacións Unidas.
2. O Secretario-Xeral das Nacións Unidas deberá prover o persoal e as instalacións necesarias ao desempeño eficaz das funcións do Subcomité de Prevención sob o presente Protocolo.

Artigo 26

1. Deverá ser establecido un Fondo Especial de acordo con os procedimentos pertinentes da Asemblea-Xeral, a ser administrado de acordo con o regulamento financeiro e as regras de xestión financeira das Nacións Unidas, para axudar a financiar a execución das recomendacións feitas polo Subcomité de Prevención após a visita a un Estado Parte, ben como programas educativos dos mecanismos preventivos nacionais.

2. O Fondo Especial poderá ser financiado por contribucións voluntárias feitas por Governos, organizacións intergovernamentais e non-governamentais e outras entidades públicas ou privadas.

PARTE VII

Disposicións finais

Artigo 27

1. O presente Protocolo está aberto à asinatura de calquer Estado que teña asinado a Convención.
2. O presente Protocolo está suxeito à ratificación de calquer Estado que teña ratificado a Convención ou a ela teña aderido. Os instrumentos de ratificación deberán ser depositados xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.
3. O presente Protocolo está aberto à adhesión de calquer Estado que teña ratificado a Convención ou a ela aderido.
4. A adhesión deberá ser efectuada por meio do depósito de un instrumento de adhesión xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.
5. O Secretario-Xeral das Nacións Unidas deberá informar a todos os Estados que asinaron o presente Protocolo ou aderiran a el sobre o depósito de cada instrumento de ratificación ou adhesión.

Artigo 28

1. O presente Protocolo deberá entrar en vigor no trixésimo dia após a data do depósito, xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas, do vixésimo instrumento de ratificación ou adhesión.
2. Para cada Estado que ratifique o presente Protocolo ou a el adira após o depósito xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas do vixésimo instrumento de ratificación ou adhesión, o presente Protocolo deberá entrar en vigor no trixésimo dia após a data do depósito do seu próprio instrumento de ratificación ou adhesión.

Artigo 29

As disposicións do presente Protocolo deberán abranxer todas as partes dos Estados federais sen caisquer limitacións ou excepcións.

Artigo 30

Non será admitida nengunha reserva ao presente Protocolo.

Artigo 31

As disposicións do presente Protocolo non deberán afectar as obrigacións dos Estados Partes sob calquer tratado rexional que institua un sistema de visitas a centros de detención. O Subcomité de Prevención e os órganos establecidos sob tais tratados rexionais serán encoraxados a cooperaren con vistas a evitar duplicidades e a promover eficazmente os obxectivos do presente Protocolo.

Artigo 32

As disposicións do presente Protocolo non deberán afectar as obrigacións dos Estados Partes ante as catro Convencións de Xenebra de 12 de Agosto de 1949 e os seus Protocolos Adicionais de 8 de Xuño de 1977, nen a oportunidade dispoñíbel a cada Estado Parte de autorizar o Comité Internacional da Cruz Vermella a visitar centros de detención en situacións non previstas polo dereito humanitario internacional.

Artigo 33

1. Calquer Estado Parte poderá denunciar o presente Protocolo, en calquer momento, por meio de notificación escrita dirixida ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que deberá enton informar aos demais Estados Partes do presente Protocolo e da Convención. A denuncia deberá producir efectos un ano após a data de recebimento da notificación polo Secretario-Xeral.
2. Tal denuncia non terá o efecto de liberar o Estado Parte das súas obrigacións sob o presente Protocolo a respecto de calquer acto ou situación que poda ocorrer antes da data na cal a denuncia surta efectos, ou das accións que o Subcomité de Prevención teña decidido ou poda decidir tomar en relación ao Estado Parte en cuestión, nen a denuncia deberá prexudicar de nengun modo o proseguimento da consideración de calquer materia xa sob consideración do Subcomité de Prevención antes da data na cal a denuncia surta efectos.
3. Após a data en que a denuncia do Estado Parte pasa a producir efectos, o Subcomité de Prevención non deberá iniciar a consideración de calquer materia nova en relación a aquel Estado.

Artigo 34

1. Calquer Estado Parte do presente Protocolo pode propor emenda e arquivá-la xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas. O Secretario-Xeral deberá enton comunicar a emenda proposta aos Estados Partes do presente Protocolo con unha solicitação de que o notifiquen se apoian unha conferencia de Estados Partes con o propósito de considerar e votar a proposta. En caso de que, dentro de catro meses da data da referida comunicación, polo menos un terzo dos Estados Partes apoiar a conferencia, o Secretario-Xeral deberá convocar a conferencia sob os auspicios das Nacións Unidas. Calquer emenda adoptada por unha maioría de dous terzos dos Estados Partes presentes e votantes na conferencia deberá ser submetida

polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas a todos os Estados Partes para aceptación.

2. A emenda adoptada de acordo con o parágrafo 1 do presente Artigo deberá entrar en vigor cando sexa aceptada por unha maioría de dous terzos dos Estados Partes do presente Protocolo de acordo con os respectivos procesos constitucionais.
3. Cando as emendas entren en vigor, deberán ser obrigatorias apenas para aqueles Estados Partes que as aceptaran, estando os demais Estados Partes obrigados ás disposicións do presente Protocolo e caisquer emendas anteriores que teñan aceptado.

Artigo 35

Os membros do Subcomité de Prevención e dos mecanismos preventivos nacionais deberán ter recoñecidos os privilexios e inmunidades necesarios ao exercicio independente de suas funcións. Os membros do Subcomité de Prevención deberán ter recoñecidos os privilexios e inmunidades especificados na sección 22 da Convención sobre Privilexios e Inmunidades das Nacións Unidas, de 13 de Febreiro de 1946, suxeitos ás disposicións da sección 23 daquela Convención.

Artigo 36

Ao visitar un Estado Parte, os membros do Subcomité de Prevención deberán, sen prexuízo das disposicións e propósitos do presente Protocolo e dos privilexios e inmunidades de que poden gozar;

- a) Respeitar as leis e regulamentos do Estado visitado;
- b) Abster-se de calquer acción ou actividade incompatible con a natureza imparcial e internacional das suas obrigacións.

Artigo 37

1. O presente Protocolo, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, deberá ser depositado xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.
2. O Secretario-Xeral das Nacións Unidas enviará cópias autenticadas do presente Protocolo a todos os Estados.

